

Almanaque Agrícola

ano

LXXIII

Ano 2025



Ponte peonil Ximonde
Vedra (A Coruña)

syngenta



Un complemento perfecto
para o teu programa herbicida



syngenta®

© 2023 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.

®


Índice

A nosa fábrica: Como cambiou a fábrica nos últimos anos?	4		
Rescatando anacos do noso pasado: O Piñeiro	6		
Rescatando un anaco da nosa cultura: "O oficio de fogueteiro"	10		
Convocatoria novo certame: "Os Redeiros"	22		
As nosas castes de oliveira: A variedade "Picual"	23		
Orondis®Ultra	26		
Xaneiro	28	Santiago	40
Febreiro	30	Agosto	42
Marzo	32	Setembro	44
Abril	34	Outubro	46
Maio	36	Novembro	48
San Xoán	38	Nadal	50
Guieiro de herbas medicinais	53		
Guía de tratamentos viñedos galegos	56		
Guía de tratamentos viñedos ecolóxicos	58		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	61		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	62		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	64		
Tratamentos das patacas	66		
Tratamentos do millo e outros cereais	68		
O Parque Natural: Sistema Fluvial Ulla-Deza	69		
Feiras gastronómicas	76		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	83		
Contos	116		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	119		
Enderezos dos nosos colaboradores	122		



a nosa fábrica

Como cambiou a fábrica nos últimos anos?



Traballadores da fábrica cos últimos proxectos realizados na mesma



Non pasou moito tempo dende que comecei a miña andadura profesional na fábrica alá polo 2019, pero bastou para coñecer da man dos traballadores máis experimentados, a gran transformación vivida e como evolucionou ata o que hoxe é.

Grazas aos seus relatos describindo como de distintas eran as tarefas no traballo por aquel entón, puideron viaxar aos inicios da fábrica en Porriño.

Inicialmente a maioría dos traballos que se levaban a cabo na fabricación e no envasado dos produtos eran maioritariamente manuais e carecían dunha boa ergonomía. Motivo polo que algúns postos eran cubertos exclusivamente por homes e outros por mulleres, as cales nesa época representaban unha minoría dentro da compañía.

Co avance da tecnoloxía foise automatizando moitas daquelas prácticas manuais, mellorando considerablemente a ergonomía do operario á vez que as medidas de seguridade tomaban máis relevancia.

Hoxe en día, as mulleres constitúen a metade do persoal e comparten actividade profesional xunto ao resto de compañeiros cubrindo os distintos postos en igualdade de condicións.



Ás melloras na automatización dos procesos, na seguridade do traballador e na calidade do produto súmase unha importante transformación na súa política medioambiental. Nos últimos anos a fábrica foi mellorando o seu compromiso en materia medioambiental e fóronse tomando medidas para facer fronte o cambio climático global.

Neste sentido cabe destacar a responsabilidade dos traballadores co uso posible dos recursos e unha estrita xestión dos residuos xerados adaptándose aos cambios e cumprindo novas normativas.

En canto o motor que fai posible o cambio, o equipo, foise adaptando ás transformacións grazas a continua formación que a empresa ofrece ós seus traballadores.

O traballo en equipo e a cooperación xunto ó desenrolo de novas ferramentas informáticas, fai posible que todos os empregados máis alá das súas tarefas poidan aportar suxestións en calquera momento mantendo en constante crecemento a compañía.

Na actualidade todo o equipo que constitúe Syngenta Porriño fai posible que se leve a cabo esta mellora continua adaptándose ós novos métodos de planificación na organización para facer fronte así ós cambios do mercado.

Un gran número de profesionais traballan na xestión do tempo , na eliminación de traballos pesados e na busca incansable por alcanzar a máxima calidade cá máxima eficiencia e aínda que queda moito camiño por percorrer moitos procesos xa melloraron dando lugar a grandes resultados.

As necesidades persoais dos traballadores tamén foron motivo de mellora nos últimos anos desenrolando plans que intentan facilitar a vida laboral cá familiar así como un incremento no interese polo benestar e a saúde de cada traballador.

Finalmente non podo deixar pasar por alto a gran calidade humana que fixo posible un gran cambio dende os inicios ata agora e que hoxe continúa comprometida coa excelencia para seguir mellorando .

Por esa calidade humana hoxe escribo estas palabras desexándovos a todos boas colleitas!

Beatriz Prado Penas

Departamento de produción



ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

Piñeiro (*Pinus spp.*, L.)



Piñeiro de Salnés (Pontevedra)

Descrición e ecoloxía

Árbore de ata 25 m, ocasionalmente maior. Cando vexeta en chans pobres ou moi erosionados é corrente que non alcance máis de 12 m. Nos troncos grosos a cortiza é variable; nos exemplares que viven en ambiente de forte aridez teñen unha cortiza grosa, con profundas gretas lonxitudinais e placas espesas de cor pardanegruzco, fronte aos que vexetan en zonas de clima húmido, que teñen a cortiza menos grosa, con gretas pouco profundas e placas máis pequenas e máis agrisadas.

O piñeiro galego (*Pinus pinaster*), coñecido tamén como piñeiro bravo ou do país, ten unha fonda vinculación con Galicia, pois os estudos de polen identificaron a súa presenza na comunidade desde hai polo menos 4.000 anos. Na actualidade existen unhas 200.000 hectáreas de pino pinaster en Galicia, cuxo orixe está nas intensas repoboacións efectuadas nos séculos XIX e sobre todo no XX. Esta forte vinculación reflíctese mesmo no título do himno de Galicia "Os Pinos", xa que a súa letra está formada polas dúas primeiras partes (catro estrofas) do poema do mesmo nome escrito por Eduardo Pondal.

As acículas dispóñense en parellas; en xeral son longas, de 12 a 25 cm de lonxitude, grosas, as máis anchas, rixidas e punzantes entre os nosos piñeiros. As flores ou conos floríferos prodúcense a comezos de primavera. Os masculinos reúnen-se en grupos numerosos; teñen aproximadamente de 1,2 a 2 cm de lonxitude, son amarelos e moi vistosos. Os conos femininos, teñen aspecto de piñas diminutas, de ao redor de 6 mm, pouco evidentes, e de cor violáceo.

As piñas teñen un pedúnculo curto e pouco apreciable, algo torcido. Son



Tronco de Piñeiro

grandes, de (6) 8 a 24 cm de lonxitude; cando están pechadas ven claramente alongadas, simétricas, coas apófisis elevadas, piramidais e os embigos saíntes e pinchudos; cando se abren, ademais destes caracteres, pódese apreciar o interior das escamas, na súa cara dorsal, de cor parca moi obscuro, case negro. Tardan dous anos en completar o seu desenvolvemento e dispersan as sementes ao longo de varios meses, entre o final do outono e a primavera do terceiro ano.

O piñeiro galego ou pino pinaster é natural do oeste da rexión mediterránea: Francia, España, Portugal, Marrocos, Alxeria e Tunes. Utilizouse moito polo home desde comezos do século XX e a súa área natural ha quedado esvaecida e superposta con repoboacións forestais. En Galicia, sobre todo, considérase de orixe principalmente cultivada aínda que hai constancia arqueolóxica e paleobotánica na área de clima máis mediterráneo de Galicia, sobre todo no canón do Sil. Tamén o piñeiro rubio (*Pinus sylvestris*) se pode considerar autóctono por existir constancia da

súa presenza nalgunhas serras de Galicia central e oriental. De crecemento máis lento pero adaptado a resistir as altitudes e os fríos da montaña galega, predomina nas serras galegas a partir dos 900 metros de altitude.

O amplamente estendido topónimo Piñeiro, en singular, débese á presenza de exemplares de piñeiro manso (*Pinus pinea*), de orixe mediterránea, que se plantaron como ornamentais preto das igrexas, en pazos e casas grandes dende hai séculos e que destacan na paisaxe pola súa copa redondeada.

Especie adaptada ao clima mediterráneo, sempre que non sexan moi intensos nin os fríos invernaís nin a seca do verán. Igualmente é capaz de vi-



Acícula de Piñeiro

vir en climas atlánticos. Habita sobre substratos silíceos, dolomíticos, peridotíticos e, nalgún caso, calizos se as precipitacións son máis elevadas. Vexeta tanto en chans fértiles como nos moi pobres, aínda que neste último caso poden quedar con tallas de 2 ó 3 m.

Orixinario de Norteamérica, e introducido en Galicia a comezos do século XX nas repoboacións, o piñeiro insigne (*Pinus radiata*), presenta un crecemento lixeiramente máis veloz que o piñeiro do país, o que permite reducir as súas quendas de corta.



Piñeiro del Salnés



Piñeiro de Alxén (Salvatierra de Miño)

Usos

Os piñeirais son espazos habituais de ocio nos entornos periurbanos e costeiros, albergan aproveitamentos silvopastorais de gando, de leñas domésticas, coutos micolóxicos e serven tamén para a obtención de resina, unha actividade en franca recuperación. A súa madeira é moi apreciada en carpintería, ebanistería, fabricación de caixas, pasta para papel, travesas en vías férreas xa en desuso, postes telefónicos, agora xa en fibra, postes para tendidos eléctricos puntualmente, paneis de madeira, mobles, parqué, revestimento de paredes e teitos, construción e contrachapeado etc. A resina destíllase para obter colofonía (resina sólida, translúcida, pardusca ou amarelada, e inflamable) e trementina (resina amarela, de consistencia viscosa e pegañenta, moi aromática), que son empregadas na industria, cosmética, farmacia, medicina, etc. Das súas follas verdes obtense un aceite esencial balsámico utilizado en medicina e perfumería.

Outras curiosidades

De xeito paralelo ó proceso de reforestación que viviu Galicia no século XX, a comunidade dotouse dunha importante cadea industrial de aserradoiros, que xa a mediados do século pasado sumaba máis de 1.000 industrias do aserrado. En Galicia córtanse cada ano arredor de 3,4 millóns de metros cúbicos de madeira de piñeiro, o que supón un 40% de tódolos aproveitamentos forestais. As experiencias de resinado de piñeiros que están a agromar recuperan unha actividade que xa tivo certa importancia na comunidade ata a década dos 70. Incluso se chegara a montar unha fábrica de destilación de resina no Porriño que funcionou durante uns anos. Non todos os piñeiros serven para ser resineros e que produzan resina, os factores para ter en conta son: a especie, o diámetro a partir dos 30cm., a altura e o estado da árbore e unha idade de máis de 50 anos.

Árbores senlleiras

Leiro (Pontedeume, A Coruña) un piñeiro bravo de 36 metros de altura e 4,10 metros de diámetro.

En Alxén, Salvaterra de Miño hai un piñeiro bravo de 46 metros de altura e case 4 metros de diámetro.

Pazo de Orto, Abegondo, A Coruña, existe un piñeiro manso de 25 metros de altura e 5,40 metros de diámetro.

No Pazo de Cabido en A Torre, Baión, Vilanova de Arousa hai un piñeiro manso de 6,25 metros de diámetro.



Piñeiros de Couselo (O Rosal)



O OFICIO DE FOGETEIRO

Autor: Xosé Lois Ripalda

PEQUENA HISTORIA DOS FOGUETEIROS



MANIFESTACIÓNS PIROTÉCNICAS

1. - *Barcelona (Berga la Patum)*
2. - *Valencia (Fallas)*
3. - *Paterna (La Cordá)*
4. - *Elche (Nit de l'Alba)*
5. - *Almería (Dalias)*
6. - *Vigo (Bouzas)*
7. - *Santiago de Compostela (Fogos do Apóstol)*

A Invención da pólvora negra foi o comezo do arte pirotécnico que segundo parece debese aos chinos que misturaron carbón, salitre e xofre. A introdución da pólvora en occidente se realizou a través dos árabes durante os séculos XIII e XIV que levaron a fórmula deste material a Europa durante o seu espallamento polo norte de África e de España. Aportando entre outros elementos tracas e luces de cores. As guerras permitiron o desenvolvemento da pirotécnica e no devandito século XIV se usa no ámbito festivo que fai a


súa aparición durante o Renacemento europea sendo Florencia o centro de actividade. As autoridades regulamentaron todo o referente a pirotecnia. Coa revolución francesa os fogos de artificio deixaron de ser exclusivo de cortesanos ao converterse en espectáculo público. O feito de que en Valencia se atopase una colonia francesa moi numerosa a pirotecnia deu un importante pulo. No século XIX o espectáculo pirotécnico reúne a cantidade de público cando os fogos aéreos substituíron aos terrestres.

FABRICACIÓN DUN FOGUETE E TIPOS DE FOGUETES

Para a fabricación dun foguete, segundo se describe no libro "Fogueteiros e Fogueteiros" editado polo Museo do Pobo Galego, comezase por poñer os produtos: carbón, salitre, e xofre ou clorato por separado no morteiro de madeira e unha vez que se esfargullan ben coa man de ferro, críbese nunha peneira fina pésanse as cantidades respectivas e mistúranse no morteiro. A mestura machucase de novo coa man de ferro, revólvese nun pouco de auga e da pasta resultante fanse unhas bólas duns oito centímetros de diámetro e déixase secar nunha táboa. Despois pártese coa peneira de cortar e refrégase contra a tea ata a súa conversión en po. Este recóllese no pandeiro no que a causa do movemento xiratorio, imprimeselle á pólvora, forma uns grans máis ou menos grosos, segundo o tempo que dure a operación. Non se granula toda ela


senón que se deixa unha cantidade determinada para a subida e a malla. Unha vez obtido o explosivo pásase á fabricación do foguete para iso en primeiro lugar pélanse as canas e despois pártense en anacos (canivetes) coa coitela de cortar, a continuación estes recóllense en cestas, segundo a súa longura, e pasan ao torno de atar que consiste nun banco ou mesa baixa que leva nun extremo un torno formado por dous discos de madeira enlazados por barrotes que xiran sobre un eixo de madeira.

Na parte oposta á mesa atase un ferro que xira por medio dunha roda cunha roldana, posta en movemento mediante un manubrio. Nel pónense, un a un os canivetes, nos que ao xirar este ferro, se vai enrolando un fio untado con pez, que a súa vez está evolto no torno. Os canivetes forrados seguen o seu proceso de elaboración no cepo de dar buxa, de



PREPARACIÓN DUN FOGUETE

1. - Preparación e mestura de compoñentes.
2. - Recheo de cartuchos.
3. - Prensado



PREPARACIÓN DUN FOGUETE

4. - Colocación da mecha

5. - Cerrado

6. - Colocación da guía. 7. - Foguete rematado.


madeira, sobre o que se calibran as canas de acordo co seu grosor, para o que se introduce por elas a buxa ou cilindro de ferro, de diámetro variábel baténdolle cun mazo tamén de madeira. Despois aplicase o barro cun forrón que é un ferro semellante a buxa porén cunha prolongación como se fose unha agulla no extremo que penetra na cana e o seu calibre sempre coincide coa da correspondente buxa. O barro que se usa chamado barro santo, aplícase en seco e unha cantidade pequena bótase no interior do canivete, comprimíndoo co mazo e co forrón ata formar na punta da cana un tapón furado no centro. Acto seguido pásase ao cepo de carga e colócase o canivete na agulla asentada nunha pequena plancha de ferro, que se

introduce polo furado de barro. Despois enchese o canivete de pólvora en po (misto de carga) ó tempo que se comprime co atador ou ferro semellante a buxa porén polo interior acanalado para que entre a agulla. A carga de subida séguelle a ceba proceso no que se introduce, no interior do furado, formado pola agulla ou cebo, a pólvora en gran dun grosor acorde co calibre de subida. Coa fin de evitar que caiga botáselle masilla (explosivo en po amasado en auga) no furado e déixase secar a subida así confeccionada.








Máis simple ca subida e a fabricación do cartucho, que se fai envolvendo papel nun pao cilíndrico, de tal maneira que exceda un pouco fóra del, esta parte sobresainte átese ben cun

cordón despois quitáselle e, por último, cerrase e empuxase cara o interior coa axuda dun pau pequeno. Dende hai algún tempo, aplícaselle ao peche xofre derretido. Debido a que a pólvora era máis feble, os cartuchos recubríanse antes de fio, hoxe para a pólvora clorada abonda co papel. Os cartuchos fabricanse de acordó coa súa finalidade segundo sexa para as bombas ou os tiros. A operación que segue, unha vez confeccionado o cartucho, consiste en cárgalo con explosivo clorotado e cinguirlle a subida no extremo aberto, ao que suxeita co fio. Isto é válido para as bombas de palenque e reais, non para os tiros, xa que non precisan a subida senón a mecha que corta en anacos de 1, 1,50 e 2 centímetros na cóitela de pabío semellante a da cana. As mechas préndese ao cabo dos tiros e a súa diferente lonxitude ten por obxectivo evitar que todos estoupen ao mesmo tempo. Por último, na punta do tubo de papel atase un tiro, insírense os dous restantes nel cébase con pólvora de cebo entre os tiros e despois axustáselle a subida. Os tiros gardáanse en cestas ou compartimentos segundo a lonxitude da mecha. Nun foguete se utiliza un tiro de cada cesta para que non estoupen ao mesmo tempo. Se empregan só tres, téñense os populares foguetes de tres estalos. As bombas e os foguete ármanse é dicir introduceselle a variña. A das primeiras e a dos foguetes máis grandes son de cana e a dos pequenos de xunco ou semellante. O foguete unese a ela pola parte superior do cartucho e da subida.

Un capítulo diferente é o constituído polas rodas de fogo e polos madamitas, nas que se empregan os elementos dos casos anteriores con certo protagonismo da mecha, que obtén o propio fogueteiro, para iso faise primeiro unha liña (a base de fios de algodón) e despois de mollala en masilla, pásase polo calibre, isto é una táboa munida dun manga e con furados de distinto grosor. Desta maneira acádase que a mecha teña unha sección, a que conveña, uniforme e despois pendurase dunha corda para que seque. Úsase principalmente nas rodas de fogo e nas madamitas, introducida en tubos de papel que arden ao mesmo tempo ca ela, a súa misión é levar o lume aos distintos compoñentes do conxunto.



RODAS



As rodas de fogo armanse sobre unha rodas de ferro ou de madeira que xiran grazas ao impulso dos canos de empuxe entre os que se colocan cartuchos de tiros de luces. O tamaño e variábel e o número e a combinación dos seus elementos depende da maña do fogueteiro. As madamitas son rodas de eixe vertical nas que se dispoñen monecos —feitos a base de canas e papeis de cores— con tiros no seu interior. As que se queiman de día suprímense as luces.

Outros foguetes poden ser bombas de palenque, bombas réas, foguetes de tres estalos, retreta, luces de lamparilla, luces de cores. Etc.




MATERIAIS E FERRAMENTAS DO FOGUETEIRO

Entre os materiais que usa o fogueteiro para fabricar a pólvora están o carbón salitre xofre e clorato e con relación as ferramentas o Morteiro alto e estreito no que se esmigallan ben os produtos. Almirez, morteiro máis pequeno. Peneira de cortar de forma rectangular con tea metálica. Pandeiro, peneira redonda con fondo de coiro sen buratos. Cepo de

dar buxa de madeira sobre o que se traballa calibrando as canas segundo o seu grosor. Buxa cilindro de ferro. Coitelo de mecha semellante ao cóitelo de cana porén máis pequeno. Mazo ferramenta de madeira de forma prismática e manga do mesmo material. Completan o instrumental do fogueteiro a bomba, cartucho de subida, agulla, ferrón,

FERRAMENTAS DO FOGUETEIRO

- 1.- Morteiro.
- 2.- Almirez.
- 3.- Pandeiro.
- 4.- Mazo.
- 5.- Peneira de cortar.
- 6.- Cartucho de subida.
- 7.- Bomba.
- 8.- Tiro.
- 9.- Buxa.
- 10.- Ferrón
- 11.- Atacador
- 12.- Agulla



tiro e atacante. Entre outras ferramentas que usa o fogueteiro están o Coitelo de cortar cana, longo de madeira con fio de aceiro que corre entre dúas abrazadeiras de madeira atrás e a diante. Na parte do mango ten por baixo, na tapa da mesa en que está, una muesca pola que pasa a cana en riscos para dar as medidas de longo cunha man se move o cóitelo e coa outra faise pasar a cana, que cae tronzada en anacos que son os canivetes. O Torno de atar que consiste nun banco de mesa baixa que ten dun lado un torno feito con dous discos de madeira xunguidos entre si por barrotes e xirando sobre outro eixo tamén de madeira. Para co torno non xire demasiado apresa leva unha pedra pendurada do eixo. No outro cabo da mesa vai un ferro que xira por medio dunha roda cunha roldana e que se move cun manubrio.

MÁQUINAS

Mentras no norte europeo os lumes se amosan por si só, no sur as pezas enfeitan unha grande estrutura arquitectónica que na noite alumease con fogos de artificio. Sabese que estas instalacións son de orixe italiano e que dende sinxelos montaxes, evolucionaron a grandes construcións de madeira e ferro que axiña se estenderon por toda Italia. As construcións tiñan como obxectivo aportar o motivo suxerente da representación ao tempo que agachaban os efectos pirotécnicos e aos actores e figurantes da obra. Unha das primeiras referencias destas máquinas é do ano 1686 nas festas de santa Rosalía de Cami na cidade de Florencia para celebrar o casamento do rei español Fernando VI con Bárbara de Braganza. A cidade de Roma celebrou un magno espectáculo pirotécnico o 4 de xulio de 1728, utilizando unha construción de madeira de cincuenta metros de alto. Máis espectaculares foron os fogos celebrados en Green Park de Londres o 27 de abril de 1749 encargados polo rei Xurxo 11. Este espectáculo contou cunha máquina de 114 metros de altura.



A fachada da catedral de Santiago arde na festa do Apóstol



Máquina para fogos Green Park

TÉCNICA DE LANZAMIENTO DE FOGUETES E SEGURIDADE

A maneira de guindar foguetes ao aire non variou co paso dos anos para elo o lanzador debe coller o foguete e despois de darlle unha inclinación, prendese cunha mecha unha vez feito isto o foguete lanzase cara adiante o máis rápido posíbel para que emprenda a subida. O lanzamento de foguetes deben cumprir cas normas de seguridade entre elas están que se guindarán nunha zona que non haxa riscos de danar a ninguén. Os edificios onde se almacenan os foguetes deben de ter os muros fortes e o teito feble, as portas e as fiestras abertas cara fóra.

Poñer gafas durante o lanzamento para evitar lesións oculares ir munidos de casco e roupa axeitada para o caso, extintores, bidóns de auga para humedecer a zona de disparar, com-

probar a dirección do vento e unha vez escollida a zona de lanzamento que a distancia ás casas, e ás estradas sexa a indicada na normativa.



Paso 2.



Paso 1



Paso 3

Refrans

- ↻ Sonan as campás estouran os foguetes e a música non ten fin.
- ↻ Hai tempo de botar os foguetes e tempo para recoller as varillas.
- ↻ Festa sen foliada non vale nada.
- ↻ Botar foguetes e xinetear non se debe de aconsellar.
- ↻ Non te poñas a carón dun fogueteiro senón queres que che queime o traseiro.
- ↻ Na festa do patrón non debe de faltar o folión.
- ↻ Foguete e palla mollada todo se cunvirte en nada.
- ↻ Se fogueteiro queres ser un día os dedos queimarás.
- ↻ Non hai festa sen foguetes nin romería sen pandeireta.
- ↻ Unha festa sen folión é coma un galo sen cresta.
- ↻ A foliada e a boda vai a aldea toda.
- ↻ A cada santo a súa vela e a cada foguete a súa canavela.
- ↻ Mellor e ser foguete caído que non haber resplandecido nunca.
- ↻ Música e cacahutes perto están os foguetes.
- ↻ Foguete que non sube varilla que non cae.
- ↻ Polos foguetes que se botan polo mediodía se sabe onde hai festa cada día.
- ↻ Mellor escoitar os foguetes a estourar que a sogra a berrar.
- ↻ Foguetes irei a mercar para que dende o outeiro guindar.
- ↻ Mozos e mozas hai ruada vide gozar da foliada.
- ↻ Foguete que ten mala subida pear será a caída.
- ↻ Os foguetes suben e baixan como os amores.
- ↻ Foguetes rosquillas e gaita son a alegría da romería.
- ↻ As bodas con foguetes sempre acaban a cachetes.


Ditos


- ↻ Fuxir coma un foguete.
- ↻ Pequeno como un canivete.
- ↻ Ter un foguete no.
- ↻ Botar un foguete.
- ↻ Ser foguete de feira.
- ↻ Andar as varillas.

Cantigas

- ~ Sete cuncas de papas de millo /
unha vella comeu /
rebotoulle o cordón do sustillo /
de tantas que comeu /
tiña fame comeu outras tantas / e
máis aínda recuncou /
foi coma un foguete /
no aire estoupou.
- ~ Na festa do patrón /
non debe de faltar foguetes /
repenique de campás /
música sen parar /
e misa no altar.
- ~ Non quero /
ao ceo foguetes guindar / p
orque me falta /
a luz dos teus ollos /
espello onde me mirar.
- ~ Non hai cousa pear /
que festa sen foguetes /
romería sen gaita /
cuba sen viño e aldea sen veciños.
- ~ Ao son das campás /
e ao estouro dos foguetes /
se anuncia que a festa vai
comenzar /
non só para a mocidade /
senón para xete da máis idade.
- ~ Os foguetes suben /
ao ceo moi ufanos /
porén baixan rendidos /
como moitos dos humanos.

LANZADEIRAS





*Foguete en espera de ser
guindados ao ceo*

Segundo se conta un emperador, dunha das dinastías que na China houbo, quixo celebrar con todas as honras posíbeis a boda da súa filla de xeito que a cerimonia se lembrase durante séculos, así chamou aos xastres de máis sona para que fixesen o mellor vestido, aos grandes do reino, emires, visires chambeláns, tenentes oficiais do exército que preparasen a chegada do noivo para renderlle honras.

Chamou aos encargados de preparar a carroza que percorrería a cidade cos noivos e que fose tirada por cabalos de pura raza árabe con arcos de tea bordados en ouro e todos eles con engarces de pedras fermosas. Chamou as máis lizgairas bailarinas para que interpretasen as máis suntuosas danzas e mesmo aos músicos de zona para que tocasen as máis velaiñas

melodías. Chamou aos encargados de atender aos convidados ao banquete para que preparasen a vaixela con pratos, culleres, bandexas de ouro e de prata, cántaros e vasos para os mellores viños. E a fin chamou aos alquimistas aos que lles fixo a insólita petición de que o ceo estoupase enchéndose de cores que se escoiten e se visen dende os máis afastados recantos do imperio. E non só lles dixo iso senón que os ameazou se desespreza porque quedaban poucos días para a boda da filla e que de non ser quen de facer o que lles pedía ían a comer menos arroz do que cabía no buche dunha pomba. Os alquimistas pasaban as poucas horas que lles quedaban dándolle voltas aos miolos e facían toda clase de combinacións sen acadar nada positivo ata que se lles ocorreu mesturar, salitre, carbón e xofre e así inventaron a pólvora para facer os foguetes e poideron cumprir o encargo do emperador e o mellor seguir comendo arroz.



En certo lugar todos os anos se nomeaban os ramistas para organizar a festa, e o encargado dos foguetes era o Melanio e non só os procuraba senón que tamén era o encargado de guindalos ao ceo. Non obstante non se libraba das rifas dos veciños así díxalle un;

—Todos os anos cae algún foguete co perigo que prenda lumen a herba a piques de segar

Entón respondíalles:

—Iso é cousa do vento.

Malia os veciños seguíanlle a decir.

—Porén as varillas non caen nunca nos teus Eidos.

Non obstante el continuaba coa mesma teima.

—E cousa do vento.

Deixando aparte estas pequenas liortas cos seus veciños del contase que nunha ocasión, como tantas outras, que fora a procura dos foguetes, como xa era tarde colleu por un

atallo para voltar a aldea algo que nunca fixera porque era un lugar por onde andaban os lobos, saíndolle un ao paso. Entón véndose perdido colleu un foguete e guindouno cara o ceo o que fixo que o lobo fuxise pois é cousa sabida que non están afeitos aos ruídos. Cando o Melanio contaba o suceso decía.

—Menos mal que o lobo non era xordo.





NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2025

TEMA: "Os Redeiros"

SYNGENTA, continuando coa tradición deste "Almanaque" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun **PREMIO DE 750 €** ao mellor traballo sobre "Os Redeiros". O traballo gañador publicárase na próxima edición do "Almanaque agrícola ZZ".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España SAU, A Relva, s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra)**. Referencia "CONCURSO" antes do 15 de outubro de 2025. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no idioma galego normativo, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (e-mail, memoria portátil, ...). Admitíranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón contacto. marketing@syngenta.com, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - Historia do oficio de Redeiro en Galicia.
 - Materiais e ferramentas usadas polos redeiros.
 - Espazos comuns para achegar o material das redes.
 - Importancia económica e social dos redeiros en Galicia.
 - Refróns, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a esta actividade.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.
- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1 de novembro de 2025.




A variedade “PICUAL”

1. Denominación

A denominación fai referencia ao ápice apuntado que presentan os seus froitos.

2. Área de cultivo e importancia

É a variedade máis importante de España en canto a superficie cultivada. Actualmente ocupa preto de 700.000 ha, sendo a variedade máis cultivada nas provincias de Xaén (97%), Córdoba (38%), Granada (40%), nas comarcas da Sierra de Alcaraz, en Albacete e da Serena, en Badaxoz.



3. Descripción


Árbore: vigoroso, de porte aberto e copa espesa. Os ramos frutíferos son de entrenudos curtos e moi ramificados.

Folla: De tamaño medio, curta (ás veces longa) e estreita. De curvatura nula ou hiponástica (con mais desenvolvemento no envés), e forma elíptico-lanceolada.

Froito: De cor negra na maduración. Tamaño medio. Forma elíptica e asimétrica. Ápice lixeiramente

apuntado que, en ocasións, presenta unha pequena mamila. Diámetro transversal máximo centrado.

Óso: Forma elíptica e asimétrica. Superficie escabrosa con 7-10 surcos fibrovasculares uniformemente distribuídos. O ápice é apuntado e non presenta mucrón. A base adoita ser apuntada. A sección transversal máxima é circular (ás veces elíptica) e está centrada.





4. Características agronómicas e comerciais

A.- Fisiolóxicas:

Variedad vigorosa, de fácil propagación vexetativa por estaca e por estaquillado semileñoso. Presenta elevada capacidade de brotación tras podas severas.

A súa época de floración é media e considérase autofértil. A maduración dos seus froitos é media, pero presentan unha baixa resistencia ao desprendemento, o que facilita a recolección mecanizada dos mesmos.

Considérase moi rústica pola súa adaptación a diversas condicións de clima e chan; en particular estímase tolerante ao frío, á salinidade, e ao exceso de humidade no chan. Con todo, é medianamente sensible á seca e a terreos calizos.

B.- Produtividade e características tecnolóxicas:

De rápida entrada en produción e excelente adaptación a plantacións intensivas. A súa produción pódese considerar elevada e relativamente constante.

O froito destínase para a obtención de aceite polo seu elevado rendemento graxo. A apreciación organoléptica do seu aceite é media. Con todo, destaca o seu aceite por un alto índice de estabilidade, que implica unha gran resistencia ao enranciamiento, e pola súa elevada porcentaxe de ácido oleico. O grao de extractabilidade é baixo

C.- Resistencia a pragas e enfermidades.

É unha variedade tolerante a tuberculose (*Pseudomonas savastanoi*, Smith), pero moi susceptible ao repilo (*Spilochaeca olealina*, Fries), e verticilosis (*Verticillium dahliae*, Kleb).



Orondis® Ultra

Orondis® Ultra é o novo fungicida de Syngenta para o control do mildeu na vide

Orondis® Ultra leva na súa composición dúas substancias activas:

Mandipropamid que ten unha alta eficacia contra o mildeu e que coñecemos por formar parte da composición doutros fungicidas para o control do mildeu da vide (Ampexio, Revus... etc.)

Oxitiapripolin (OXTP) é unha nova substancia activa, cunha nova forma de actuación, pertencente a un novo grupo químico.

- OXTP é moi potente e so 29 g de activo é suficiente para o control da enfermidade, ten unha elevada persistencia, superior ós produtos empregados actualmente para o control do mildeu.
- OXTP actúa inhibindo a proteína de unión ó oxisterol, que forma parte no movemento dos lípidos entre membranas.

Orondis® Ultra é eficaz nas etapas clave da esporulación, xerminación e na fase inicial da infección, detendo ó patóxeno nestes puntos impedindo o seu desenrolo.


Orondis® Ultra ten un sistema ascendente, protexendo os novos brotes e é moi resistente ó lavado pola choiva posterior a súa aplicación.

Orondis® Ultra é respetuoso cos auxiliares.

Orondis® Ultra é “Un gran salto fronte ao mildeu”.



Folla sem tratar



Movemento e protección acrópeta

Zona de aplicación

Folla tratada con Orondis® Ultra aplicada como pingas a través dunha banda no centro da folla

 **Orondis[®] Ultra**

**UN GRAN SALTO
FRONTE AO MILDIU**



 **Orondis[®] Ultra**

syngenta[®]

© 2023 Syngenta. Todos os direitos reservados.

™ y © son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.

®






O TEMPO

Se presentará o mes ao lumbrigar o día con brétemas avoltas aínda que pouco mestas, no interior serán frias e máis velaíñas na beirara mar. Posibilidade de chuvias non obstante non xeneralizadas limitándose a algunha bisbarra. As xeadas numerosas e frecuentes sobre todo as noitaregas. Os ventos procedentes do NE darán lugar a días destemperados. Se agardan nevadas que arxilarán a terra coa súa lentura. Malia todo se poderá disfrutar de días nos que o sol brille e a temperatura sexa morna. O estado do mar de arbolada.



*"En xaneiro bufanda capa e sombreiro"
"Con neve en xaneiro non hai ano fuleiro"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2024)	13,35	4,60	8,79	19	141,03
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2024)	11,02	4,71	7,68	20	299,27
Lugo	Campus Lugo (2000-2024)	11,02	2,50	6,24	20	120,71
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2024)	13,54	7,21	10,30	17	120,33
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2024)	10,22	3,69	6,59	15	104,09
	Ourense (2005-2024)	12,92	3,27	7,18	14	97,55
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2024)	11,34	1,80	6,22	20	150,60
	Corón-V. de Arousa (2002-2024)	13,57	7,96	10,69	16	176,30

1 M. **Nai de Deus.** S. María.
1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma galego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100. 000 exemplares de tirada anual.

2 X. Ss. Basilio; Gregorio.

3 V. S. Xenoveva.

4 S. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.
1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).
1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.

5 D. S. Emilia.
1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.

6 L. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

7 M. S. Raimundo.
1950. Morre Castelao en Bos Aires.



8 M. Ss. Luciano; Eladio.
1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.

9 X. S. Lucrecia.

10 V. S. Gonzalo.

11 S. S. Alexandre.
1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.
1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.

12 D. **Bautismo do Señor**
S. Xulián.
1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.

13 L. S. Hilario.



14 M. S. Félix.

15 M. Ss. Raquel; Amaro.

16 X. S. Marcelo.

17 V. Ss. Antón Abade; Guido.

18 S. Ss. Prisca - Priscila.

19 D. S. Mario.

20 L. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.

21 M. S. Inés.



22 M. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 X. S. Virxínia.

24 V. S. Francisco de Sales.

25 S. S. Elvira.

26 D. Ss. Timoteo; Tito; Guímar; Ansurio; Viliúlfo.

27 L. Ss. Ánxela Merici.

28 M. S. Tomé de Aquino.
1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.
1902. Nace o pintor Urbano Luigrís.

29 M. S. Valerio.
1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.
1930. Morre o poeta Manoel Antonio.

30 X. S. Martiña.
1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

31 V. Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.
1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.



Febreiro






O TEMPO

A temperatura nos enche de mes será boa en xeral non obstante durará pouco ao ser atricada por unha forte cebrigada por mor de ventos de procedencia variada dun xeito atabanado.

Pola Candelaria pode caer chuvias con todo contra a crenza que por estas datas o inverno está fóra non é así pois aínda queda por xamacar dabondo con lazo nevadas e escarabanadas en sobexo que danlle ao mes a ben gañada sona de toleirón. O sol poderá lucir máis poucas veces o fará o día enteiro. A mar tesa.

"En febreiro un día de sol e outro de braseiro"
"Árbore que se poda en febreiro terá froito durareiro"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2024)	14,34	3,93	8,89	17	122,54
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2024)	11,97	4,43	7,87	17	247,37
Lugo	Campus Lugo (2000-2024)	12,70	2,16	6,87	15	101,29
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2024)	13,74	6,79	10,20	14	99,93
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2024)	12,08	3,88	7,46	12	96,93
	Ourense (2005-2024)	15,62	3,34	8,58	12	81,26
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2024)	12,49	1,20	6,53	17	138,81
	Corón-V. de Arousa (2002-2024)	14,34	7,83	10,93	14	124,42

1 S. S. Severiano.

2 D. S. Candeloria. Presentación do Señor.

3 L. Ss. Brais; Óscar; *Francisco Blanco*.
1807. Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.

4 M. S. Xilberte.
1135. *Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).*
1864. Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.
1893. Morre en Vigo Concepción Arenal.

5 M. S. Ádega.



Cuarto
Crecente

6 X. Ss. Doris; Paulo Miki.

7 V. S. Gastón.
1876. *Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.*

8 S. Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.
1835. Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.

9 D. S. Rebeca.

10 L. S. Escolástica.
1810. *Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.*
1890. *Naufrexio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.*

11 M. Nosa Señora de Lurdes.
1885. Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.

12 M. S. Pamela.



Lúa Chea

13 X. S. Beatriz.

14 V. Ss. Cirilo; Valentín.

15 S. Ss. Fausto; Xurxa.
1765. *Sae á rúa o xornal La Región.*

1944. *Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.*

16 D. Domingo de Septuaxésima
S. Samuel.

17 L. S. Aleixo.

18 M. S. Bernarda.

19 M. S. Álvaro.
1949. *Fundación de Cerámicas do Castro.*

20 X. S. Clodio.



Cuarto
Minguante

21 V. S. Severino.
1900. *Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.*

22 S. Ss. Eleonora, Nora.

23 D. S. Florencio.
1908. *Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".*

24 L. Ss. Rubén; Serxio.
1837. *Nace en Santiago Rosalía De Castro.*
1985. *Comeza a emitir a Radio Galega.*

25 M. Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.
1861. *Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.*

26 M. S. Augusto.

27 X. S. Leandro.


28 V. S. Román.
1981. *Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.*

Lúa Nova

Marzo






O TEMPO

Este mes de sempre non presenta un día igual a outro mesmo pode cambiar en horas. Ventos de variada procedencia soprarán con refachos violentos con algún amago de treboada. En certos días o ceo se cubrirá de buzarrs chumbizos e mestos que poderán traer chuvias con fortes bullóns. Non se desbota algunha xeada noitrega. Que o mes se amosa desigual o proba que nalgunhas bisbarras podan darse treboadas, propias do verán, en troques noutras saraibadas e neve. Neste mes se producen as típicas ventoladas coñecidas como marzadas.



*"Calor de marzo cedo bo é para o campo sano"
"En marzo sementa o garabanzo"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2024)	16,05	5,12	10,45	17	117,75
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2024)	13,65	5,48	9,19	18	234,54
Lugo	Campus Lugo (2000-2024)	15,06	3,67	8,85	16	105,42
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2024)	14,80	7,68	11,21	15	84,73
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2024)	14,70	4,95	9,14	13	89,34
	Ourense (2005-2024)	18,44	4,82	10,91	12	87,51
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2024)	14,54	2,31	8,25	17	127,82
	Corón-V. de Arousa (2002-2024)	15,68	9,07	12,23	15	127,63


1 S. S. Rosendo.
1493. *Arribada da caravela La Pinta ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.*

2 D. S. Lucio.
1886. *Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.*

3 L. S. Celidonio.

4 M. **Martes de Entroido**
Ss. Ariel; Capitón.
1889. *Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.*
1936. *Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.*

5 M. **Mércores de Cinza**
S. Olivia.
1888. *Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

6 X. S. Elcira.
1856. *Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.*

Cuarto
Crecente

7 V. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. *Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez.*
1909. *Nace en Santiago Xosé Mª Castroviejo.*

8 S. S. Xoán de Deus.
1917. *Morre na Coruña Eduardo Pondal.*

9 D. S. Francisca Romana.
1695. *Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.*

10 L. S. Macario.
1944. *Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castela.*
1965. *Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".*

11 M. S. Eulolio.

12 M. S. Norma.

13 X. S. Rodrigo.

14 V. S. Matilde.


Lúa Chea

15 S. S. Luísa de Marillac.

16 D. S. Heriberto.


17 L. S. Patricio.
1960. *Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.*

18 M. S. Cirilo.
1897. *Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.*

19 M. S. Xosé.
1847. *Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.*

20 X. S. Alexandra.
1886. *Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.*

21 V. S. Uxía.
1874. *Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.*

22 S. S. Lea.
1992. *Morte do poeta Antón Aviles De Taramancos.*

Cuarto
Minguante

23 D. S. Dimas.

24 L. Ss. Elba; Catarina de Suecia.

25 M. S. Anunciación.
1990. *Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.*

26 M. S. Braulio.
1930. *Pacto de Lestrove.*


27 X. S. Ruperto.

28 V. S. Octavio.
1809. *Os exércitos de Morillo e Cachamuiña liberan Vigo dos Franceses.*
1966. *Morre en Lalín o astrónomo Ramón Mª Aller.*

29 S. S. Gladys.


Lúa Nova

